



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CELEBRADA O DÍA 29 DE XUÑO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E VINTECINCO MINUTOS** do venres día **VINTENOVE DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria (segunda convocatoria), coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D<sup>o</sup> MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D<sup>o</sup> MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D<sup>o</sup> ANTONIO COUSO ÁLVAREZ e D<sup>o</sup> KLAUS BREY MONTAÑA** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

**Interventora do Concello:** Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1<sup>o</sup>.- EXPEDIENTES URBANÍSTICOS, según listado adxunto:**
- **Banco Pastor S.A.**
  - **Costoya Filloy María José**

**1<sup>o</sup>.- EXPEDIENTES URBANÍSTICOS.**

**1.1.- BANCO PASTOR, S.A.- Licenza provisional de actividade.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> Sonia María Vara Bilbao, en representación de BANCO PASTOR, S.A., mediante escrito de data 07 de febreiro de 2012 (Rexistro de Entrada n<sup>o</sup> 566 de data 07.02.12), solicitando Licencia de apertura de actividade de apertura de oficinas para sucursal bancaria, a situar na rúa General Franco, 75 de Silleda.

**RESULTANDO:** Que con data 20 de xuño de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 20 de xuño de 2012.

**RESULTANDO:** Que con data 20 de xuño de 2012, polo Arquitecto Asesor

Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítese informe técnico favorable no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>Sonia María Vara Bilbao, e/r BANCO PASTOR S.A.</i>		
<i>Data da rexistro</i>	<i>07.FEB.2012 N° 566</i>	<i>Data escrito</i>	<i>01.FEB.2012</i>
<i>Obra</i>	<i>Apertura de oficinas para sucursal bancaria.</i>		
<i>Tipo de obra</i>	<i>Actividade</i>		
<i>Emprazamento</i>	<i>r/ Trasdeza, n° 55, Silleda</i>		
<i>Referencia Catastral</i>	<i>1978024NH6217N0010RL</i>		
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Sonia María Vara Bilbao, arquitecta Colexiada 2152 do COAG</i>		
<i>Proxecto</i>	<i>De actividade. Visado polo Colexio Oficial</i>		
<i>Dirección de Obra</i>	<i>non procede</i>		
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>non procede</i>		
<i>Dirección de Execución</i>	<i>non procede</i>		
<i>Oficio Direc. Execución</i>	<i>non procede</i>		
<i>Exposición pública</i>	<i>non</i>	<i>BOP</i>	
		<i>DOGA</i>	
		<i>Prensa</i>	
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>0</i>		

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- 1.1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- 1.2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- 1.3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro*
- 1.4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- 1.5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.*




- 1.6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urgentes de modificación da L.9/2002
- 1.7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 1.8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 1.9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 1.10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 1.11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 1.12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 1.13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 1.14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamenteo de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 1.15 Planeamento do Concello de Silleda
- 1.15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 1.15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprob. def. o 22/10/1991
- 1.15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). A.def. o 11/05/1995
- 1.15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). A.def. o 07/03/2002
- 1.15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. A.def. o 08/04/2002
- 1.15.8 .P. Parque Empresarial Área 33. A.def. o 22/10/1981
- 1.15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. A.def. o 07/03/2002
- 1.15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. A.def. o 27/03/2007
- 1.15.11 E.D. Rua Butano. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.12 E.D. Calello da Feira. A.def. o 26/01/1984
- 1.15.13 E.D. Esquina Avenida do Parque. A.def. O 26/01/1984
- 1.16 *Concordantes*

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe a solicitude asinada por Sonia Maria Vara Bilbao, arquitecta colexiada 2152 do COAG, presentada con R.E. 566 de 07.FEB.2012. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por Sonia Maria Vara Bilbao, arquitecta colexiada 2152 do COAG.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenzia



*municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:*

**INFORME TÉCNICO:**

*3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, Aprob. def. o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano. Ordenanza Edificación Cerrada EC.***

*4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria, é o seguinte:*

*"El objeto de este Proyecto de Apertura es el de regularizar la actividad ante el Excmo. Ayuntamiento de Silleda, y obtener por parte de este la licencia de funcionamiento o actividad para Oficina de Sucursal Bancaria englobada en el epígrafe 811, indicar que no se realizará ningún tipo de obra ya que el local está totalmente acabado."*

*5. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **comercial**: "ART. 118.- DEFINICION: 1.- Se define como Uso Comercial el correspondiente a edificios de servicio directo al público destinados a la compra-venta o permuta de mercancías de todas clases, incluido el almacenamiento de las mismas. (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 18 do mesmo.*

*6. Canto á tramitación ambiental, o Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, non menciona aos albergues no Anexo III "Actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental". Neste caso, segundo o art. 2 "(...) estarán sometidas a este procedemento aquelas outras actividades que non estando incluídas no dito anexo I merezan a consideración de molestas, insalubres, nocivas e perigosas, consonte as definicións contidas no artigo 13 da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia". Polo tanto, propónse dar traslado dunha copia do expediente ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de M.A.T.I. a fin de que se pronuncie sobre a necesidade ou non do procedemento de Avaliación Ambiental.*

*7. Canto á tramitación ambiental, esta actividade encádrase dentro do Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluídas do procedemento de avaliación ambiental, punto 4.5 "4.5. Despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares."*

*8. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para*



*este ámbito.*

*9. O proxecto presentado dá cumprimento á normativa vixente en materia de **Accesibilidade de Galicia**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

*10. O proxecto presentado dá cumprimento ao establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.*

*11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica .*

*12. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non cómpre recavar autorizacións sectoriais ou autonómicas.*

**Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, e proponse para a concesión de licenzia provisional de actividade."**

**A Xunta de Goberno Local, acorda a concesión da licenzia provisional de actividade**, para apertura de oficina de sucursal bancaria da entidade Banco Pastor S.A., ubicada na rúa Trasdeza, nº 55 (Silleda) segundo o contido dos informes técnico e xurídico citados, obrantes no expediente, **CONDICIONADA** esta ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o Arquitecto Asesor Técnico municipal, non podendo comenza a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenzia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenzia.

### **1.2.- COSTOYA FILLOY MARIA JOSE.- Licenzia de Actividade.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

**Licenzia Nº 2437/06. Visto o expediente instruído a instancia de Dª MARIA**

JOSE COSTOYA FILLOY, solicitando licencia de actividade para almacén de maquinaria agrícola para explotacións de gando vacún e porcino, a situar na parcela nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 01 de febreiro de 2008  
acorda:

*“5.1.1.- Licencia Nº 2437/06. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARIA JOSÉ COSTOYA FILLOY, solicitando Licencia para construción dun almacén de maquinaria para explotacións de gando vacún e porcino, a situar na finca nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda).*

*RESULTANDO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.*

*RESULTANDO: Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 17 de decembro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 199, de data 14 de xaneiro de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta, Insalubre e Nociva, CD. 012.42-012.43, e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:*

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.*
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.*
- d) Previo ao outorgamento da licenza de actividade estarán en posesión do informe favorable do Xefe local de sanidade. A fosa será estanca, en ningún momento poderán existir vertidos directos ou indirectos ao medio natural. Os residuos que se xeren durante a actividade, se xestionarán con xestores autorizados, coa periodicidade que requira o correcto mantemento da instalación, atendendo a súa tipoloxía. A auga de abastecemento procedente do pozo, contará cun sistema de cloración permanente que garanta a potabilidade de auga de consumo ademais haberá de proceder a súa inscrición perante o organismo Augas de Galicia.*

*RESULTANDO: Que elevado á Dirección Xeral de Urbanismo, este Organismo, con data 10 de maio de 2007 (Rexistro de Entrada nº 2238, de data 24 de maio de 2007), concede autorización previa á concesión de licenza municipal, sinalando que, dacordo con disposto no artigo 42.1e) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo solicitante farase constar no rexistro da propiedade, a vinculación da total superficie*



*real do predio á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade que a continuación se relacionan, debendo remitir ao Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial de Pontevedra, antes do inicio das obras e implantación do uso, certificación do Rexistro da propiedade na que consten os seguintes extremos:*

- titular do predio: MANUEL COSTOYA LÓPEZ, MARÍA LÓPEZ FONDEVILA
- superficie do predio: 48.900 m<sup>2</sup>.
- referencia catastral: Polígono 128, parcela 765, paraxe "Os puzos" 36052A128007650000RX
- uso autorizado: almacén agrícola
- superficie edificable: 298,89 m<sup>2</sup>
- ocupación: 3,61%
- altura máxima: 5,90 m
- distancia a linderos: 61,40 m

*RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.*

*CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.*

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente e Dirección Xeral de Urbanismo, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal. "*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 21 de xuño de 2012, asinada polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, María José Costoya Filloy, que literalmente dí:

**"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES"**

## CLASIFICADAS

**Actividade:** "Almacén de maquinaria para explotacións de gando vacún e porcino, na parcela nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda)".

**Calificación:** Segun escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello nº 199 de data 14-Xaneiro-2008) a actividade califícase como MOLESTA, INSALUBRE E NOCIVA C.D. 012.42-012.43.

**Certificación** Segun CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA do técnico redactor do PROXECTO e director da obra, Don Francisco Pérez Donsión, Enxeñeiro Técnico Agrícola, de data 28-Setembro-2009, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas o día 01 de Outubro de 2009, nº 1232/09 (Po), e con ENTRADA no Concello de SILLEDA:

*Data: 22-outubro-2009*

*Núm. de registro: 5061*

**Titular da actividade:** MARÍA JOSÉ COSTOYA FILLOY

No termo municipal de SILLEDA, na parcela nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda) persónanse ás 13:00 horas do día 03 de Abril do ano 2012, o Arquitecto Asesor Técnico, D. Lino Manuel Doporto Framil, atopándose na parcela nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda), en presenza de Dona María José Costoya Filloy, con D.N.I. 76.813.195-A, e efectua a visita de comprobación demandada polo interesado en data 22-outubro-2009 e referida á licenza municipal nº 2437/06 segun COMISIÓN DE GOBERNO do día 01-Febreiro-2008.

*Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN DE OBRAS e documentación complementaria a certificación final de obra, presentado en data 07 de xuño de 2012, asinado polo técnico Don Francisco Pérez Donsión e visado.*

*A continuación examínase si se adoptaron todas as medidas correctoras impostas na licenza e conséntanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.*





*De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Almacén de maquinaria para explotacións de gando vacún e porcino, na parcela nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda)".*

**A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de febreiro de 2008 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva (RAMINP) a MARÍA JOSÉ COSTOYA FILLOY, para a actividade de almacén de maquinaria para explotacións de gando vacún e porcino, na parcela nº 555, polígono 5, do plano de concentración parcelaria de Graba, nas proximidades do lugar de Arcos, parroquia de Graba (Silleda).**

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:**


Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local **acorda tratar na sesión por motivo de urxencia os seguintes asuntos non incluídos na orde do día, que declaran urxentes:**

#### **1.- CONTRATACIÓN: Proxecto de difusión turística "Concello de Silleda 2012".**

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta da necesidade de proceder a contratación (en relación a subvención da Deputación Provincial) para realización do Proxecto de difusión turística "Concello de Silleda 2012".

Visto que constan as seguintes ofertas:

- |     |                      |                         |
|-----|----------------------|-------------------------|
| 1.- | Presuposto Nº 6/2012 |                         |
|     | Data                 | 27 de xuño de 2012      |
|     | Empresa:             | Técnicas e Gramaxe S.L. |
|     | C.I.F.               | B-36380483              |
|     | Orzamento:           | 13.305,00 €             |
|     | IVA 18%              | 2.394,90 €              |
|     | Orzamento TOTAL :    | 15.699,90 €             |
| 2.- | Presuposto Nº 123    |                         |
|     | Data                 | 27 de xuño de 2012      |
|     | Empresa:             | Eligraf                 |
|     | N.I.F.               | 33.257.609-T            |



Orzamento: 19.370,00 €  
IVA 18% 3.486,60 €  
Orzamento TOTAL : 22.856,60 €

3.- Presuposto Nº DESAM1206008  
Data 26 de xuño de 2012  
Empresa: Sanmartin & Gil Consultores, S.L.  
C.I.F. B-36531119  
Orzamento: 21.945,00 €  
IVA 18% 3.950,10 €  
Orzamento TOTAL: 25.895,10 €

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** adjudicar a contratación do Proxecto de difusión turística "Concello de Silleda 2012" á empresa Técnicas e Gramaxe, S.L., según o seu presuposto 6/2012 de data 27 de xuño de 2012, por un importe total, IVE (18%) incluído, de 15.699,90 €

## 2.- BECAS FUNDACIÓN FEUGA (Prórroga).

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dáse conta do escrito remitido pola Fundación Empresa-Universidad Gallega, de data 29 de xuño de 2012, Rexistro de Entrada nº 3588 de data 29 de xuño de 2012, comunicando que: Recibida a solicitude de prórroga de becas de formación con data 18/06/2012 nº 532, con referencia a continuidade do bolseiro Alfonso Leal García por tres meses máis (xullo, agosto e setembro), comunícase a aceptación da prórroga por parte Fundación Empresa Universidade Galega.


**A Xunta de Goberno Local queda enterada**

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda, a 29 de xuño de 2012.

Vº Prace  
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena



Dou fe. A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada